


Usos da auga

AGRICULTURA

O cultivo de especies vexetais precisa de auga en cantidades variables segundo o tipo de planta, o clima, o solo ou o sistema de cultivo.

A agricultura supón a maior demanda mundial de auga doce (arredor dun 80%).



Cultivo de cereais en secano.

Os regadíos son básicos na expansión da agricultura porque permiten poñer en explotación novas áreas alonxadas das fontes de auga.



O arroz é unha planta que se cultiva en terreos asolagados.



Adela Leiro
Mon Daporta

As masas de auga son ricos ecosistemas nos que viven especies animais e vexetais de grande interese, polo que son amplamente explotados e cultivados.

PESCA E MARISQUEO

Moitas especies que viven no mar, nos ríos e nos lagos son capturadas sobre todo para consumo humano e elaboración de alimentos para animais.



Nos portos galegos descárganse arredor de 500.000 tn de peixes e mariscos ao ano.



ALGAS

A algas recóllense para utilizar como alimento, como materia prima para a industria ou como fertilizante para as terras.



ACUICULTURA

A acuicultura é o cultivo de especies acuáticas que se fai no mar, en ríos e lagos ou en instalacións especiais.



Granxa de engorde de rodallo.



Cultivo de algas en Asia.



Xaulas para o engorde de peixes na Ría de Vigo.



Piscifactoría de troitas en Lugo.



Bateas na Ría de Arousa. Galicia é o principal cultivador de mexillón do mundo.



Instalacións para a cría de ameixa.